

UNIT 4: LOVELY LITERATURE

Continuamos a traballar no temario no que estabamos. Para iso o alumnado volverá repasar na páxina 38 a formación do pasado continuo, empregando WAS OR WERE+VERBO REMATADO EN -ING. Na páxina 36 do activity book completarán as actividades 1, 2, 3 e 4. Na páxina 39 do class book lerán nos exercicios 2 e 3 cómo empregar os conectores AND, SO, BECAUSE and BUT. Oralmente, intentarán completar ónde deben colocar cada un deles. No activity book completarán na páxina 37 o exercicio 1.

Posteriormente na páxina 40 do Class Book repasaremos o vocabulario relativo ós tipos de libros e na páxina 41 lerán o texto sobre Roald Dahl, atendendo á explicación gramatical de cómo empregar os verbos en pasado con partículas interrogativas que comezan con WH-: WHO, WHICH, WHAT, WHAT KIND OF, WHERE, etc...Co fin de comprobar a comprensión farán as actividades no Activity Book páxina 39, exercicios 1, 2 e 3.

Lerán na páxina 43 do class book a información que nos dan varios nenos sobre contos moi coñecidos nos seus países. Para comprobar a comprensión desta lectura farán as actividades relativas no activity book, páxina 40, exercicios 1, 2, 3 e 4.

Na páxina 44 do Class Book farán unha lectura do poema que aparece no exercicio 3, insistindo nas diferentes pronunciacións da vogal e.

Finalmente na páxina 45 do Class Book farán as actividades relativas á avaliación final, cos exercicios 2, e 4 e no activity book páxina 42 farán a avaliación final cos exercicios 1, 2, 4 e 5.

Gracias pola colaboración e moito ánimo.